

# A Peneira

do Val Miñor



BAIONA : GONDOMAR : NIGRÁN

PUBLICACIÓN MENSUAL - 1€

Nº 23 - XANEIRO 2010

## Gondomar

O Goberno de Gondomar aproba os orzamentos en solitario

Páxina 4

## Nigrán

Nigrán comezará cursos de audiovisual para mulleres e mocidade

Páxina 6

## Gondomar

O Goberno municipal quere seguir contando coa Casa de Foupán

Páxina 5

Jesús Vázquez Almuiña, alcalde de Baiona

**'Os concellos debemos saír da dinámica das subvencións'**



## Librial

### O ano da crise

**D**in os entendidos que o 2010 será o verdadeiro ano da crise. Ou sexa que ata o de agora o que tivemos foi unha introdución (como se nota que está a piques de chegar o Entroido) ao peor que vai vir. Nestas estamos cando hai concellos que aproban contas cando menos "curiosas" no tocante a certos capitulos e outros invisten en temas que para a maioría da poboación poderían ser, cando menos, superfluos. Porque os que chegamos co xusto, se chegamos, a fin de mes non entendemos certas actuacións de carácter ornamental. Sai-

**I**so si, a poboación demostrou que ten un alto grao de solidariedade. Foi no seu momento cando o secuestro de mariñeiros no Alakrana e nestes días de festa cando fan as súas aportacións para os máis necesidades

mos do tempo do Nadal, outrora dos excesos, e agora recibimos un Xacobeo enveleñado que propiciará en certos lugares máis inversións con data de caducidade. Saben vostedes dalgún político que nestes tempos que corren decidira poñerse ao pé de rúa e baixarse o soldo? Nós dende logo non. E nestas algún alcalde, como o de Baiona, ten moi

claro que vai a haber recortes, ou sexa, menos gastos. Un deles, en previsión, será o de funcionarios, os soldos falando claro. Exténdese a idea de que os funcionarios son os que mellor viven nos tempos que corren, só temos que ver as colas inmensas de opositores que tentan conseguir unha praza de por vida cada ano. Ollo entón ás nóminas

que poderían quedar igual este ano que o anterior, ou se cadra mesmo baixar. Quen sabe!

### Solidariedade

**I**so si, a poboación demostrou que ten un alto grao de solidariedade. Foi no seu momento cando o secuestro de mariñeiros no Alakrana e nestes días de festa cando fan as súas aportacións para os máis necesidades, sen esquecermos das axudas a ONG's e outras entidades. Porque será que os que máis teñen son os que máis axudan? Se cadra porque están máis cerca da realidade.

## Tempo de

Antonio Valverde

**O**sol asomase ao Val Miñor polo alto de San Antoniño, non moi cedo, sen quentura para deter a xeadada que aínda campa nas herbas, nos recunchos umbráticos dos camiños e ao pé dos carballos. A friaxe dos seus raios enche de ouro a paisaxe salientando o amarelo dos vimbios que esperan o San Amaro, as vides non están podadas e as vidras semellan longos dedos deformados pola artrose. Arríncanse reflexos aceirados no río Miñor e no esteiros da Foz salpican as alburas das gaiotas ou das garzas remexendo as augas e axotar uns invisibles bechos que, facendo estraños e xeitosos movementos de danza, atrapaba co largo pico. No mar, resalta a branca escuma na rompente dos Farallons e nas illas, unha brétema, coma unha tea de araña, acaba, en canto o sol baixe por detrás da Groba, espallándose polo Val todo, envolvéndoo de noite e de friaxe.

Noutro tempo, cando a xente vivía e a vida pendía máis do rural, recollíase cedo, cando as galiñas ían paseniño camiño de inzarse no poleiro despois de que o galo les dera o derradeiro "repaso". Se non ían aos ensaios da "parranda" que habería de cantar os reis, quedaban ao carón da quentura da cociña escoitaba ou contaba contos que, as mais das veces, alporizaban os nenos co medo, esperando a hora de arrombar o gando, logo de ceir ir a al-coba a durmir.

Así, un día con outro, seguíase esta rutina que soamente cambiaba o día do Nadal. Adiantábase un migallo a hora da



cea, na que non fallaba o bacallau con coliflor, costume portuguesa das bisbarras de alén do Miño, algunha larpeirada mais, ben regadas co viño da casa e de remate o café con pinga de augardente, doces e unhas coppiñas, a veces de mais, de anís, coñac ou ponche.

Despois, xa quentes, comezaba o cántico das panxoliñas e vilancicos. Cantaban todos xuntos, cantasen ben ou mal, e cadaquén botaba o seu, algúns tan coñecidos como:

Xesús meu neno  
meu queridiño.  
Entre unhas pallas  
morto de frío.  
Xesús meu neno  
Meu queridiño.

Ai que puidera  
darche un biquiño.

E como este, cantarían moitos mais, se non ían a Misa do galo.

D. Vitoriano Taibo, mestre da escola de Guillufe en Mogadans, algúns veciños aínda lémbrense hoxe del, escribiu esta fermosa panxoliña:

Alédate, alma, pois in da que hai neve  
farto de lus, sorriso é o camiño,  
e se o malvis non canta, a ponla espida  
gard'ô o trino que foi nâs xemas novas.  
Desulladas da lúá desprendéronse,  
nun sopire de amor tremolocente,  
as farrenas que forman pola altura  
pestanexando ledas, porque os mozos

dirmos a panxoliña, e o corazón,  
balando levemetete, é como un año  
no cólo d'un pastor, en dóce oferta.  
Non olles cara ô chan i o souto núo,  
onde a neve se engorda c'a empurrada.  
No boscaxe do ceo, suidade e estrelas,  
nun seron de groria, hai niños de amor  
sempre a lembrarnos -leda primaveira-  
a cantiga da paz p'ra andar soleadas.  
Axiña chegaremos -jalma, alédate!-  
trasvirados de lus e de armonía,  
â terra de David c'a enxebre oferta,  
neste aremo eternal que por nós chama,  
neste balbor de gaitas e de anxos.  
Regueiro manseliño.  
Imonos, alma, e caian os meus ollos,  
como chovisca de suidades ledas,  
no bérce humilde de Xesús Meniño.

Entrevista Jesús Vázquez Almuíña, alcalde de Baiona

## 'Os concellos debemos saír da dinámica das subvencións'

*Case chegando a metade desta segunda lexislatura como alcalde de Baiona, Jesús Vázquez Almuíña quixo compartir con A Peneira o seu parecer ao redor dalgúns temas de actualidade. Aténdenos nun despacho ategado de papeis. Fala a modo e con rotundidade. Está a favor das responsabilidades compartidas polo que non ten reparos en asegurar que ante a crise os funcionarios deberán ser os primeiros en arrimar o lombo. Do mesmo xeito expresa a súa particular visión de como se debería financiar un concello, máis cerca do modelo portugués que do español.*

ANTÓN F. ESCUREDO/ FOTOS: S.  
AMADO

**-Estamos a metade desta lexislatura. Neste período, que pensa que fixo ben e que cousas podería mellorar na súa xestión?**

-Dentro das obras feitas creo que se avanzou moito na mellora dos servizos para os cidadáns. Tanto dende o punto de vista de infraestruturas básicas, como pode ser o saneamento, temos a propia depuradora que está a punto de rematarse. Era un tema básico para Baiona xa sexa para a pesca, o marisqueo, como para as praias e o turismo. En saneamento estamos a chegar ao cen por cen. En infraestruturas temos garderías, escola infantil, o centro de Día que aínda está en obras. No "debe" temos os proxectos aínda sen finalizar como o PXOM e o Plan do Casco Histórico. Sufriron unha demora importante pero pensamos telos rematados antes de finalizar esta lexislatura.

**-Que significa para Baiona contar cun novo enlace de Sarbis na AG-57?**

-É moi importante. Á autoestrada faltáballe o enlace a certa distancia, a nosa circumvalación. Cambiará a dinámica da época de Elduayen, cando se fixo a estrada do litoral, e haberá menos tráfico no centro e mellor comunicación entre as parroquias.

**-Remata un ano complicado economicamente coa palabra crise como protagonista. O Goberno español puxo en marcha o Plan E que beneficiou a moitos concellos e que se pretende continuar o ano vindeiro. Este plan tivo moitas críticas por parte dos eu partido. Foi negativo para Baiona?**

-Para un alcalde todos os cartos que podamos ter para inversións son importantes. Aquí fixéronse obras de indubidable necesidade. A crítica que lle pode facer ao Plan E é que só está dedicado a inversión e con prazos demasiado curtos. Non son unha solución á financiación dos concellos, non entran no capítulo de financiación do persoal que para nós son un problema. Logo non tiveron unha continuidade anual



no futuro ademais deste 2010. Cando nos dan unha cantidade determinada importante que nunca tivemos a nivel de inversión e non temos un percorrido podes trabucarte á hora de escoller as obras. No noso caso "tívemos a sorte" que durante anos tiñamos proxectos pero non financiación. Rexeitáronos os sucesivos gobernos. Obras que para nós eran fundamentais e que se demostrou que eran unha necesidade e a poboación agradecía. Os concellos debemos saír da dinámica das subvencións. Debería ser como en Portugal e Francia.

**-Que opina das actuacións doutras institucións (Xunta, Deputación) no tema da crise?**

-A Deputación sacou tamén un Plan de inversións cunha cantidade un pouco inferior á do Estado e habilita partidas para tratar de cubrir gastos correntes. Todo é positivo pero para min non son estables. Se dependemos só das licenzas de obras sabemos que aí hai épocas mellores ou peores pero os servizos aos cidadáns temos que dalos sempre. Non podemos dicir "agora da-

mos servizos sociais ata este nivel e cando nos den damos máis". Aos cidadáns temos que dicirlles de principios a fainais de ano os servizos que van ter. Outro caso non o aceptarían e é lóxico.

**-Falando de licenzas... Baiona tivo tamén o seu momento álxido na construción. Moitos concellos, entre eles Baiona, beneficiáronse deste tema e agora...**

-Nós non queremos un pobo masificado. O noso concepto é diferente ao do Mediterráneo, por exemplo. Baiona, a pesar do que se ten dito, non ten moita construción. O planeamento que estamos tratando de levar adiante tamén busca iso. Non nos interesa incrementar volume edificatorio senón dar calidade para que podan tanto a xente que ten agora unha segunda residencia poda vivir todo o ano aquí. Estamos tratando de potenciar outro tipo de turismo que nos poda facer fortes. Logo dar servizos para facer Baiona máis atractiva fronte a outras poboacións. Sabemos que hai xente que vive da pesca e

do marisqueo e outra do sector servizos polo que o sector turístico ten que ter o seu peso. Baiona hai dous anos que suspendeu as licenzas. Entendemos que hai que buscar solucións alternativas

**-Que outras medidas pensa adoptar o goberno municipal que preside para que a situación non empeore en Baiona no 2010?**

-A caída dos ingresos do sector urbanístico e do Estado tamén o que nos leva é a administrar ben. Trataremos de reducir gastos. Non temos unha grande cantidade de gastos superfluos pero limitaremos, mesmo implicando ao persoal municipal. Se a xestión vai ben eles terán unha produtividade. Estamos nunha empresa, ao final, que ten que dar unha serie de servizos. Trataremos de implicar aos funcionarios. Concordamos coa Xunta en cumprir o Pacto Local. Aquelas competencias que non son municipais queremos que as asuma a Xunta. Neste caso temos o Centro de Saúde que correrá a cargo do Sergas. Non aumentaremos a

presión fiscal pero si procuraremos que todo o mundo que utilice os servizos pague. É o máis xusto.

**-Neste Xacobeo Baiona contará como municipio do Camiño Portugués pola Costa, aínda que non de maneira oficial. Con que servizos conta o municipio e en que situación se atopa o camiño neste ano tan importante?**

-Xa está marcado, aínda que non de maneira definitiva. Baiona vai ser un dos sitios de referencia nos "camiños". Ten o mar que enriquece ao Xacobeo. Coas infraestruturas que temos podemos dar resposta á demanda durante todo o ano. Contactamos cos hosteleiros, desde o propio Parador ata o camping, estamos estudando a máis longo prazo a posibilidade dun albergue que sexa como o símbolo do camiño, non tanto como infraestrutura. O empresario de Baiona está dacordo en dar un trato especial aos peregrinos.

**-Baiona forma parte da Mancomunidade do Val Miñor. Que tal funciona este organismo ao seu parecer?**

-Este ano ten que ser a consolidación deste organismo. Nomearase un xerente polo que terá outras expectativas. Polo de agora foi rotatorio, a presidencia seguirá así, pero o funcionariado será estable. A sede xa está funcionando en Baiona, onde era o antigo INEM, e temos en plantilla psicólogo, operarios de Vías e Obras, Grumir, etc. Tentaremos aumentar servizos e que sexa "voceiro" das necesidades do Val Miñor. É o acso do Xulgado de 1ª Instancia para a comarca, un tema que cremos importante. No" perder a denominación de cada concello como se dixo no Club Financieiro de Vigo.

**-Que presentarán este ano en Futur?**

-Levamos dous elementos esenciais para Baiona: a Arrivada que pasará do día 1 á celebrarse a fin de semana do 5 e 6 e o Camiño Portugués da Costa. Este segundo elemento tamén será importante noutros anos xa que tamén se utilizará máis adiante.

## breves

**Gondomar amplía o horario da Ludoteca e realizou unha campaña de recollida de xoguetes**

Coincidindo co inicio das vacacións de Nadal a Ludoteca de Gondomar abreiu as súas portas cun novo horario. O servizo de 9:00 a 14:00 horas, permanecerá aberto os días laborables ata despois das festas. O obxectivo desta iniciativa é facilitar aos pais e avós un servizo para que os nenos estean entretidos durante estas festas. Por outra banda, o Concello habilitou ata o 30 de decembro na Ludoteca un caixón onde os veciños poideron doar xoguetes que xa foron entregados a unha ONG. Esta os repartirá entre as familias necesitadas.

**O Contomar retomará a súa actividade o 11 de xaneiro**

O Contomar retomará a súa actividade, tras o descanso de nadal, o 11 de xaneiro para continuar ao longo de 2010, declarado Ano do Libro e da Lectura. O Contomar, que nestes últimos tres meses contou cunha media de asistencia semanal de 46 nenos e nenas, ten como obxectivo fundamental manter en Gondomar un espazo estable de encontro cos contos e coa lectura para os nenos e nenas as súas familias.

**O profesor John Thompson presentou o seu libro "As novelas da memoria" en Gondomar**

O pasado 22 de decembro estivo na "Aula de Cultura Ponte de Rosas" de Gondomar o profesor John Thompson para presentar o seu libro "As novelas da memoria". Doutor pola Universidade de Michigan e actualmente profesor titular do Departamento de Linguas Modernas da Universidade do Estado de Montana, é ademais un investigador interesado pola memoria da Segunda República e do fascismo e a súa representación na narrativa galega.

Máia a hora algúns veciños quixeron estar presentes para expresar o seu malestar

## O Goberno de Gondomar aproba os orzamentos en solitario

ANTÓN F. ESCUREDO/ GONDOMAR

O actual goberno de Gondomar mantivo o cambio horario previsto e o último pleno do ano, un dos máis importantes posto que se decidían as contas municipais do 2009, foi ás 9 horas. Aínda así un grupo de veciños acudiu con pancartas para protestar polo que consideran "actuacións dun goberno ilexítimo". Coinciden co BNG, agora na oposición, que pensa que o que se aprobou foi "a aprobación duns orzamentos co único fin de ser prorrogados acto seguido da súa aprobación para que os señores do goberno poidan cobrar as súas "austeras" dedicacións exclusivas".

O Pleno, o segundo ordinario ens eis meses, tivo algúns momentos de tensión mesmo cando o público increpou a un cámara que só gravaba aos asistentes e non aos políticos. No escenario do Luís Tobio o voceiro nacionalista Pauliño del Río criticou duramente, por exemplo, que se "incrementara a partida de Festexos de 18.000 a 50.000 euros mentras que a de Cultura baixaba de 76.000 a 42.000 euros". Para os nacionalistas estes orzamentos son os mesmos que presentaba o PP antes da chegada do BNG ao goberno municipal.

### Axudas á emigración

Outro dos temas que causaron máis debate foi o da eliminación da partida orzamentaria aprobada dun apartado de axudas ás entidades de emigrantes de América. O concelleiro Carlos Silva defendeuse dicindo que os emigrantes seguirán contando con aportacións municipais. Neste punto Pauliño del Río acusouno de que logo iría "vender favores" en época electoral concedendo estas subvencións que agora non están relexadas nas contas municipais.

De entre as acusacións máis contundentes realizadas polos nacionalistas está a de que este goberno "xustifica gastos que xa están pagos" en relación a algunhas obras xa realizadas polo anterior goberno. Ao final a maioría do actual goberno de Gondomar conseguiu aprobar os orzamentos aínda que sen convencer en ningún momento á oposición.



Os comeneiros de Couso aseguran que perderon 247.606 euros en saneamento por culpa dos actuais gobernantes

## O Goberno municipal quere seguir contando coa Casa de Foupán

ANTÓN F. ESCUREDO/ GONDOMAR

O novo goberno municipal saído da moción de censura deste verán pasado ten aberto outra fronte conflitiva, neste caso cos comeneiros de Couso. A nova directiva que leva esta entidade, presidida por Xosé Antón Araújo Rodríguez, presentou en asamblea unha serie de accións coa intención de mellorar a súa situación e, ademais de detectar certas irregularidades do anterior presidente, decidiu por unanimidade deixar de prestar ao Concello de Gondomar a Casa de Foupán para a prestación de servizos sociais nas que os comeneiros asumen todos os gastos. A razón foi, segundo os propios comeneiros, a perda de 247.606 euros destinados ao saneamento polos votos contrarios dos actuais gobernantes. A casa será agora de uso parroquial en canto sexa desaloxada e os comeneiros crearon unha comisión de seguimento das obras de saneamento.

**A**gora, o Concello pide aos comeneiros que "movan ficha" e informen á cidadanía de cales son realmente os motivos que se esconden tras a ameaza de pecha do fogar de acollida.

### Reacción do goberno

O Goberno de Gondomar esixe aos comeneiros de Couso unha resposta inmediata e firme á situación da casa do Foupán, fogar de acollida propiedade da entidade e que, cedido ao Concello, funcionaba como casa de acollida para familias sen recursos. Tras o anuncio de peche do fogar por parte dos comeneiros, argumentando o abandono por parte do actual Goberno de Gondomar da parroquia, a administración local fixo público que nos últimos seis meses investíronse un total de 323.000 euros (dos que 96.390 proceden ao Plan Provincial de Cooperación da Deputación de Pontevedra) na mellora



da rede de saneamento da parroquia, información que a propia Comunidade de Montes e o BNG asumiron. Ademais, a previsión a execución en breve da reparación do camiño das Barreiras e o reforzo do alumeadado público en A Portela, na Fonte da Presiña e Terra do Rei. Por ese motivo o Goberno pregunta "cal é agora o motivo para o peche da casa do Foupán".

En opinión do Concello, a confirmación destes investimentos "deslaxítima á Comunidade de Montes de Couso para adoptar unha postura tan insolidaria, máis aínda tendo en conta as datas nas que nos atopamos", afirma.

Agora, o Concello pide aos comeneiros que "movan ficha" e informen á cidadanía de cales son realmente os motivos que se esconden tras a ameaza de pecha do fogar de acollida. O Goberno

asegura que "a parroquia de Couso é un dos lugares no que maiores esforzos se están a facer en materia de saneamento", por ese motivo considera que "as escusas dos comeneiros agochan outros intereses que pronto saíran á luz".

O Goberno do Gondomar acusa á Comunidade de Montes de ser "un monicreque do BNG, un partido que utiliza as

súas siglas políticas dinamizando os principios de sensibilidade social da esquerda, antepoñendo os intereses persoais por enriba do benestar dos máis necesitados". Así, o Goberno solicita ao BNG que apoie ao Concello fronte aos comeneiros, xa que "de forma contraria quedará evidente cales son verdadeiras intencións políticas".

### Exposición de fotografías

A parroquia de Couso leva a cabo varias actividades coa intención de recuperar a memoria a súa historia. Ata o dez de xaneiro estará aberta unha exposición de fotografías antigas cedidas polos veciños. Coa organización da asociación Cultural Novos Aires e a colaboración do Instituto de Estudos Miñoranos e a Comunidade de Montes reuníronse 143 instantáneas e 42 ilustracións en branco e negro. Ademais se publicou un libro tamén con fotografías e comentarios dos propios veciños.

## Sete empresas optan a redactar o novo PXOM

REDACCIÓN/ GONDOMAR

Un total de sete empresas, procedentes tanto do ámbito galego como estatal, optan a redactar o novo Plan Xeral de Ordenación Urbana de Gondomar. Unha vez pechado o prazo de presentación de candidaturas, esta mesma semana, o Concello informa que na primeira quincena de xaneiro a mesa de contratación que figura a mesa de negociación que figura no Prego de Condicións do concurso reunírase para analizar tódalas candidaturas. O obxectivo é ter adxudicado o concurso a finais de mes e continuar a tramitación do Plan dentro do calendario establecido polo Goberno, que comprometeuse a dotar a Gondomar dun planeamento antes de finalizar a actual lexislatura.

**O**Goberno de Gondomar mostrou a súa satisfacción ante a alta participación de empresas candidatas á redactar o documento

O Goberno de Gondomar mostrou a súa satisfacción ante a alta participación de empresas candidatas á redactar o documento, superando todas as previsións iniciais. Con todo, é posible que o número de empresas participantes aumente, xa que aínda é posible que chegue algunha candidatura por correo.

Para o Goberno de Gondomar o amplo interese mostrado polas empresas "é unha proba da transparencia mostrada pola actual administración local durante todo o proceso, ao tempo que certifica que o prazo estipulado para a redacción do PXOM é viable". O Goberno destaca a alta repercusión da convocatoria "fronte á realizada polo BNG no seu mandato".

O Goberno de Gondomar ratificou o seu compromiso pola "transparencia e a información absoluta" sobre todo o proceso de redacción do novo Plan Xeral, polo que informará de xeito preciso e inmediato sobre calquera novidade relacionada coa tramitación do documento.

## breves

**O Concello facilitará a incorporación ao traballo de mulleres vítimas da violencia de xénero**

O Concello de Nigrán contará coa axuda solicitada no seu día á Consellería de Traballo e Benestar para facilitar a incorporación ao mundo laboral de mulleres vítimas da violencia de xénero. A contratación será por 12 meses e realizarán tarefas de conserxería en instalacións municipais, así como en diferentes servizos urbanos.

**A Xunta non rebaixará a peaxe da A-57 pero si conxelará a tarifa**

A Autoestrada de titularidade autonómica A-57 manterá os prezos deste ano. Así o asegurou Agustín Hernández, conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas durante a inauguración do novo enlace de Sabarís (Baiona) coa AG-57 (Autoestrada do Val Miñor). A revisión de tarifas realízase cada ano tendo en conta o IPC e o tráfico na vía que este ano foron negativos.

**Nigrán clausura na ramallosa os Cursos para maiores**

Nigrán clausurou o pasado 22 de decembro os Cursos que durante o ano 2009 se realizaron para as persoas maiores no Centro da Terceira Idade de A Ramallosa (antigua Estación do Tranvía). En total foron tres os cursos: Estimulación da Memoria, Animación Musical e o obradoiro "Vivir o Corpo".

**En febreiro continuarán os cursos de Informática no Centro Antena de Nigrán**

Entre novembro e decembro tiveron lugar por iniciativa do CIM tres cursos de "Iniciación a Informática", de 20 horas cada un, impartidos por Raimundo Fernández Figueiroa no Centro Antena de Nigrán. Está previsto para febreiro a segunda parte que versará sobre o "Perfeccionamento en Informática." As persoas que fixeron o módulo I e que estén interesadas no módulo II deberán porse en contacto co CIM para a reserva de prazas.

# Nigrán comezará cursos de audiovisual para mulleres e mocidade

A partir do día 21 de xaneiro o Omix acollerá, segundo a demanda, obradoiros gratuitos en grupos dun mínimo de dez persoas

ANTÓN F. ESCUREDO/ NIGRÁN

A Concellalía de Igualdade e Xuventude organiza, a partir de xaneiro do 2010, varios talleres de expresión audiovisual dirixidos a distintos grupos. O primeiro deles comezará o día 21 de xaneiro, cunha duración de 45 horas, repartidas o longo dos xoves de 18,00h a 21,00h. "Teñen preferencia as mulleres", indica Purificación Leal Docampo, concelleira de Xuventude e Igualdade de Nigrán, "e dependendo da demanda fariase paralelamente outro para persoas xóvenes, para o que habería que determinar o día da semana", engade. O OMIX conta xa con equipos e dúas cámaras e persoal preparado para realizar este obradoiro. os grupos se prepararán a partir dun mínimo de dez persoas e son gratuitos. A matrícula realízase no mesmo OMIX (986380108-986366572, omix@nigran.org), ou no CIM (986383081, cim@nigran.org).

## Outros obradoiros

Además a finais de xaneiro, segundo informa apropiada concelleira,



"Centro Antena" de Nigrán será o lugar onde se realizarán os obradoiros.

ra, comezará outro con alumnado de 3º e 4º da ESO de Nigrán. Ata o momento está confirmada a presenza do CPI de Panxón. Este taller está incluído nun programa máis amplo que leva o nome de

"EL=LA" para traballar temas de igualdade na aula, incorporando o audiovisual como parte da metodoloxía de traballo esperando que lle resulte máis atractiva ás persoas xóvenes. "Interésame sobre to-

do traballar a publicidade sexista, a través da observación, unha análise crítica e realización de spots publicitarios non sexistas...entre outros obxectivos", asegura Purificación Leal.

## a imaxe



**A Concellería de Servizos Sociais do Concello de Nigrán clausurou os Cursos que durante o ano 2009 realizou para as persoas maiores no Centro da Terceira Idade de A Ramallosa.**

Talleres de Estimulación da Memoria en tres grupos, un de iniciación e dous de mantemento, taller de Animación Musical, actividade que pertence ao campo da musicoterapia e o taller "Vivir o Corpo", un curso de ximnasia suave para persoas maiores.

Sonia Morán, traballadora social

## ‘A sexualidade das mulleres foi tabú durante moito tempo’

*En novembro a Concellería de Igualdade organizou, a través do centro Quérote de Vigo, un obradoiro de Erótica feminina para mulleres. Participaron mulleres maiores de 18 anos coa intención de integrar a súa sexualidade como un feito positivo. O obradoiro foi impartido por Sonia Morán, traballadora social con experiencia neste tipo de actividades. A erótica é a representación e a expresión da nosa esencia como seres sexuados. Coñecerse a un/ha mesma/o, escoitarse, sentirse, agarimarse, coidarse, ... son aspectos que repercuten na autorrealización e na plenitude persoal.*



ANTÓN FERNÁNDEZ

**-En que consistiu o Obradoiro de Erótica que realizou en Nigrán?**

-Obradoiro de Erótica para Mulleres é un programa dirixido a grupos de mulleres, xeralmente heteroxeneos en canto a idades e características culturais e sociais. A existencia deste obradoiro xustificábase xa que a sexualidade feminina ten unhas características propias e foi e ás veces segue a ser un tema tabú. Este obradoiro, como tódolos demais que se ofertan dende os Quérote son moi participativos, é dicir, se alguén pensa que vai acudir a unha charla-conferencia vai levar unha decepción. Por iso o resultado do obradoiro depende tanto das participantes. Comenzamos definindo qué idea temos de sexualidade, cómo cremos que nos inflúe a cultura a a educación recibidas, a partir de ahí durante 2 horas vanse traballando mediante dinámicas os conceptos de autoestima, o autoco-

ñecemento, erótica, etc.

**-Segue habendo represión, ou mellor dito, auto-represión na relación entre a muller e a súa sexualidade?**

-Como comentabamos antes a sexualidade das mulleres foi tabú durante moito tempo, e en determinados aspectos segue a selo. Por iso a importancia de intentar analizar cómo inflúe a cultura e a educación recibidas, de qué modo á veces fan que determinados aspectos segan sendo tabúes e que coste superalos. Esos mesmos tabúes que as veces parece que se "contaxian" seguen a transmitirse e fan que aínda a día de hoxe sigan existindo moitísimas creencias erróneas acerca da sexualidade. Ah, por certo, gustaríame aclarar, xa que estamos falando de sexualidade, que o primeiro que facemos en tódolos obradoiros é aclarar que é eso da sexualidade, que é moitísimo máis que relacións sexuais, encontros eróticos, e ese etcétera no que todos

O primeiro que facemos en tódolos obradoiros é aclarar que é eso da sexualidade, que é moitísimo máis que relacións sexuais, encontros eróticos, e ese etcétera no que todos pensamos nun principio. A sexualidade é o modo en que vivimos cada un de nós o feito de ser seres sexuados e eso implica moitísimos aspectos’

pensamos nun principio. A sexualidade é o modo en que vivimos cada un de nós o feito de ser seres sexuados e eso implica moitísimos aspectos.

**-Que outros obradoiros e actividades realizades dende "Quérote"?**

-Dende a Rede de Centros Quérote, ademais deste obradoiro do que falabamos de Erótica para Mulleres, estanse levando a cabo outros obradoiros. Nos Institutos e Colexios cos rapaces de 3º da ESO e de 6º de Primaria. Cas Asociacións de Nais e Pais cas nais e pais desos mesmos rapaces. En casas de xuventude ou espazos máis lúdicos un obradoiro que se chama Sen Previa

Cita, e tamén obradoiros acerca da identidade sexual e do desexo.

**-Pensas que hai receptividade entre a mocidade a falar deste temas?**

-A experiencia dende os Quérote é que si, existe receptividade por parte dos mozos á hora de falar destes temas. Proba de esto é a demanda que temos tanto en consultas presenciais, como na web ou telefónicas, ademais dos obradoiros. Ademais os Quérote son un recurso que facilita moitísimo que a xente se achegue (por calquera vía) a Nós, por exemplo, non pedimos datos, é un recurso anónimo, confidencial e gratuito.

**-Coidas que se baixou a garda no tema da prevención perante o tema da SIDA?**

-Os datos que se aportaron con motivo do Día Mundial da Sida concluían que arredor do 80% dos novos contaxios se producían por vía sexual, así que non sei se se está baixando a garda, o que si coñecemos dende fai xa moitos anos son as vías de transmisión, pero neste caso como noutros tamén inflúe moitísimo a percepción de risco que teñamos. Quero dicir que por moito que sepamos cómo se transmite, se estamos convencidos de que nunca nos vai a pasar a nós esa información probabementepase a un segundo plano.



e agora...  
A Peneira ao día  
visítanos [apeneira.com](http://apeneira.com)



## Urbaniño, o municipal (II)


Carlos Meixome

Na mesma liña dos anteriores pronunciase o industrial e ex alcalde Vicente Vázquez González. Manifesta que durante o seu mandato expulsou ao "indeseable" Urbano e que foi coa proclamación da República, sendo el alcalde, cando, de acordo con outras persoas de orde, e para sacalo do posto de secretario da sociedade obreira e non continuase así envelenado ás masas, lle deron o cargo de garda municipal. Entón o Urbano seica se "suxeitou" un pouco pero co triunfo da "funesta" Fronte Popular volveu ás andadas.

Afirma tamén que durante o movemento revolucionario de 1934 dedicouse a protexer aos seus e que o viu armado e acompañando aos dirixentes máis destacados durante os días do movemento contra o glorioso exército. Remata a súa declaración ante o Cabo Pena dicindo que é "elemento de instintos perversos e peligrosos, en especial para una España nueva". Perigoso para a "Nueva España" tamén o considera o notario, residente en Santa Cristina da Ramallosa, Javier Alfaya Pérez, quen declara que foi o Urbano o que o detivo, en compañía doutros, por orde do alcalde da Fronte Popular Agustín Villafines González. E que, mentres os outros que o detiveron o trataron con toda caste de consideracións non foi o caso do Urbano que non só non atendeu aos seus razoamentos senón que o encheu de improperios e vexacións e que, unha vez na casa do concello a onde o levaron, viu ao procesado entrar e saír, dar e recibir ordes e nunha ocasión manipular dinamita, explosivo que había en abundancia no salón de plenos.

Consideracións semellantes, sobre a ideoloxía, carácter e actitude de Urbano, emite o secretario do concello de Baiona, Joaquín Peralba Álvarez, natural de Gondomar, aínda que declara que ignora se no salón de sesións se manipulou dinamita pois naqueles días non saíu da secretaría, aínda que considera ao Urbano capaz diso xa que é un individuo perigoso.

Pola súa banda o ex alcalde Manuel Godoy Agrelo di que é certo que o Urbano andaba a paseos cos principais esquerdistas



e que efectivamente foi secretario da sociedade obreira pero que durante os días do "movimiento" aínda que o viu en varias ocasións, non o viu portando armas polo que non pode dicir se as levaba.

Que Urbano era de esquerdas tamén o di o mariñeiro Francisco Leyenda Garvín ao tempo que manifesta que tivo un pequeno barco de pesca, que se destruíu, chamado "Trosky", pero que non sabía o que significaba xa que quen lle puxera ese nome fora o Urbano, que lle fixera o favor de presentar a solicitude na Subdelegación de Pesca, xa que el non sabe ler nin escribir e que só lle pedira que o nome fose curto para poder pintar as letras. Declara tamén que só viu a Urbano cunha pistola durante os días do "movimiento" e que ignora todo o demais.

### Indagacións do Xuíz Instrutor

Recibido o atestado do Cabo Pena, o Alférez Xurídico e Xuíz Eventual da Praza de Vigo, Alfonso Fidalgo Pereira, acorda, o 17 de novembro de 1937, incoar a correspondente causa. Ao día seguinte o Director do Hospital Provincial, onde Urbano estaba ingresado dende o día seis do mesmo mes, considera que está mellorado da súa enfermidade e que pode continuar o tratamento no cárcere, a onde é trasladado ao día seguinte.

Os problemas de saúde de Ur-

bano que tanto el como o defensor de oficio aduciran en determinados momentos da causa para explicar a tardanza en someter a Urbano Rodríguez a unha causa militar e mesmo a súa ausencia nunha especie de "causa xeral" contra os frontepopulistas de Baiona, a numerada 138/36 resolta en febreiro de 1937 na que se condena aos irmáns Villafines a reclusión perpetua (30 anos) e a outros quince veciños de Baiona a 15 anos de reclusión. Os problemas de saúde de Urbano serían os que o terían empurrado a deixar o mar para, primeiro, e por uns poucos meses, actuar como secretario da Sociedade Obreira, posto remunerado, e posteriormente aceptar o posto de Garda Municipal. A idade e sete fillos serían dúas razóns máis.

O 20 de novembro de 1937 o instrutor trasládase a Baiona para iniciar as súas indagacións. Comeza tomando declaración a Ángel Rodal Rodríguez que se ratifica absolutamente no que tiña manifestado e engade ademais que o Urbano requisou algún aparato de radio, cando menos o da patronal, e que o observara dirixindo aos que metían as caixas de dinamita na casa do concello onde o vira fabricando bombas.

O secretario municipal Joaquín Peralba Álvarez ratifica a súa anterior declaración aínda que agora engade que non considera a Urbano un dos principais dirixentes xa que cando os milicianos entraban na casa do concello preguntaban

sempre polos Villafines e os Mandado.

Tamén se ratifican nas súas declaracións o notario, de orixe rondelá, Javier Alfaya Pérez, o Cabo dos Municipais, Leonardo Fontela Fontela e Ulpiano Vilar Ochoa. Este engade que viu a Urbano na Praza de Abastos invitando aos obreiros a subir a camionetas para desprazarse da vila, así como que nos días anteriores á chegada das tropas o viu armado cunha tercerola (arma máis curta que unha carabina) e o mesmo día, cunha pistola. Tampouco modifican a súa declaración Antonio Marcote Rodolfo, o ex alcalde Manuel Godoy, nin o tamén ex alcalde Vicente Vázquez González.

### Os informes do Cabo Pena e do Alcalde de Baiona

Tanto os informes do Cabo Pena como do alcalde de Baiona son demoleedores. O 22/11/37 o Cabo Pena di que Urbano é de mala conduta tanto pública como privada, que a súa significación foi sempre socialista aínda que nos últimos tempos inclinouse cara ao comunismo do que era un propagandista como o demostra o feito de ocupar o cargo de secretario da sociedade obreira, cargo que só se lle daba ás persoas de confianza.

Indica tamén que coa chegada da República déronlle o cargo de garda municipal para retiralo da sociedade obreira, onde envelenaba ás masas. Foi destituído por indeseable e tras unha reclamación

foi restituído e que só entón se suxeitou un pouco, pero co triunfo da Fronte Popular acompañábase, aberta e descaradamente, dos elementos máis destacados e paseaba con eles de forma ameazante. E remata:

"Por todo lo expuesto y teniendo en cuenta la perversidad que adorna a este individuo considero su libertad muy peligrosa, pudiendo asegurarse que ejecutaría cualquier hecho delictivo en la menor ocasión"

O informe do alcalde-presidente da xestora, asinado o mesmo día informa tamén que militaba nas fraccións políticas de esquerda, formando parte da Sociedade de resistencia que había en Baiona e que actuara activamente nunha folga de mariñeiros, que durou varios meses, no ano 1932. A sinatura é ílexible pero naquela altura o alcalde de Baiona era José Barreiro Álvarez quen exercía o cargo, agás durante un breve período de dous meses a comezos de 1937, dende que as autoridades militares o nomearan presidente da xestora na compañía de Edmundo Salgado Miñiño, primeiro tenente de alcalde, Juan Manuel Martínez Martínez, segundo, e como síndico Nicanor González.

### As declaracións de Urbano Rodríguez Barreiro

Despois das indagacións baionesas o instrutor tómallo declaración a Urbano Rodríguez Barreiro que nega que tivese algo que ver nos sucesos de xullo do ano anterior, que desempeñase cargo algún, que fose á casa do concello a outra cousa que a cumprir co seu traballo de empregado municipal e que aínda sendo certo que participou na detención do notario Javier Alfaya Pérez, non sabe quen a ordenou e que el só cumpría ordes, o que portaba a orde de detención era o Cabo Fontenla, e que ían acompañados do tenente de alcalde Luís López Luís (un dos irmáns "Ineses", asasinados en Sabaris o 13/10/36) e que foi este último quen acompañou ao detido nun coche, mentres el e o Cabo Fontenla regresaron a pé. Declara que ignora que na casa do concello houbera dinamita e polo tanto non sabe quen eran as persoas que a manipulaban así como que nunca tivo escopeta, nin revólver.